



# Liga Galega de Orientación en BTT

## 4ª proba

# PonteOriBike 2015

AROMON  
Pontevedra  
Montañeiros A Roelo



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



Deputación  
Pontevedra



Consejo  
Superior de  
Deportes

AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo

Praza Curros Enríquez s/n (Edificio Mercantil 2º andar) entrada por Rúa Don Gonzalo – 36002 – Pontevedra

Atención de oficina os mércores, xoves e venres de 21:00 a 22:00 h.

Teléfono Oficina.- 609 713 646

Correo- e.- [cmonte@gmail.com](mailto:cmonte@gmail.com)

[aronon@aronon.es](mailto:aronon@aronon.es)

web: <http://www.aronon.es>

C.I.F. G36149714



**Organiza:**

Club MONTAÑEIRO DE PONTEVEDRA-A ROELO (AROMON)

**Data:** Sábado, 14 de novembro

**Hora inicio:** 09,00 H. Apertura de recepción.

Entrega de tarxetas SI

10,30 H. saída dos primeiros corredores

**Mapa:** ERMELO-nº rexistro FEDO: PO-1647-15

Escalas: 1/15000 para os percorridos oficiais e ini. longa

1/10000 para o percorrido de iniciación curta

Equidistancia: 5m


O mapa foi adaptado ás normas IOF de O-BM a partires do mapa existente de Orientación a pé. O terreo conta cunha ampla rede de camiños e pistas de boa ciclabilidade para os que non se precisa un alto nivel técnico no manexo da bicicleta todo terreo, agás nalgúns carreiros estreitos onde a ciclabilidade é difícil e nos que abundará con ir amodiño.

**Zona de concentración:** CRUZ DE ERMELO 42°18'6,43"N - 8°46'6,54"W

<https://goo.gl/tLEuix>

**Cómo chegar:** <https://goo.gl/maps/McqREfzLrF52>

Estará sinalizado dende a saída 132A da (AP-9) Marín. Na rotonda collemos a 3ª saída VG-4.4 durante 13km, continuamos pola PO-1303 7,5km, tomamos o desvío a esquerda a PO-1306 e seguimos durante 4km ata Ermelo.



### Percorridos:

Tódo-los **federados** en orientación a pé, raid ou O-BM poden competir nas categorías oficiais (**cadete, júnior, senior, veteráns A e veteráns B**) atendendo ás marxes de idades para cada categoría.

Os non federados só poderán participar nas categorías de iniciación

O percorrido da categoría de iniciación longa será esixente físicamente (pensado para deportistas afeccionados á BTT).

CATEGORÍAS	NACEMENTO
INICIACIÓN CURTA	INDIFERENTE
INICIACIÓN LONGA	INDIFERENTE
CADETE MASCULINO	1999 OU POSTERIOR
CADETE FEMININO	1999 OU POSTERIOR
JÚNIOR MASCULINO	1995 A 1998 (incluídos)
JÚNIOR FEMININO	1995 A 1998 (incluídos)
VETERANO A MASC	1975 OU ANTERIOR
VETERANO A FEM.	1975 OU ANTERIOR
VETERANO B MASC	1965 OU ANTERIOR
VETERANO B FEM.	1965 OU ANTERIOR
SENIOR MASCULINO	INDIFERENTE
SENIOR FEMININO	INDIFERENTE

Categoría	Dist.(km)	Desnivel (m)	Controis
Ini curta	5,2	110	12
Ini longa	13,9	450	15
Cadete masc	5,8	120	12
Cadete fem	5,6	110	12
Junior masc	12,4	360	15
Junior fem	8,8	295	15
Veterans A masc	18,7	670	20
Veterans A fem	12,1	365	14
Veterans B masc	12,1	365	15
Veterans B fem	8,9	295	15
Senior masc	19,9	695	22
Senior fem	15,9	590	18

**Dorsais:** Aqueles corredores que queiran entrar no ranking da Liga Galega de Orientación en BTT deberán levar visible o seu dorsal da Liga galega de Orientación a Pé

**Xuíz Controlador:** -Fco. Javier Sevilla Gómez

**Xurado Técnico:** -José Antonio Balseiro Pérez (Gallaecia Raid)

-Manuel Beloso García (Aromon)

-Alexandre Camean Bao (Jarnachas)



**Inscripcións:** Ata as 22,00h. do martes 10 de novembro.

**¡ATENCIÓN!** Control de tempos electrónico por sistema SportIdent. Obrigatoria tarxeta SportIdent para tódalas categorías. Asignarase automaticamente unha tarxeta SportIdent en aluguer a quen non indique o nº de tarxeta nos datos da inscrición. A tarxeta recollerase na recepción o día da proba. Precio aluguer: 3€ (a pagar xunto coa inscrición). A perda da tarxeta conleva o pago do seu prezo: 30€

#### CLUBS:

A través de <http://fegado.es/intranet>

Enviar o xustificante de ingreso na conta de ABANCA (Código IBAN ES0820805403403040118709) a: [ori@aromon.es](mailto:ori@aromon.es)

No concepto do ingreso poñer: OriBTT (máis o nome do club)

Aqueles clubs que precisen factura, non esquezan enviar os seus datos fiscais.

#### INDEPENDENTES:

A través de <http://fegado.es/intranet>

Os deportistas dados de alta na intranet deberán de seleccionar o evento, elixir a categoría na que desexan competir e confirmar a súa inscrición.

Ingresar a cantidade correspondente á inscrición (máis a correspondente ó aluguer da tarxeta SportIdent no seu caso) na conta de ABANCA (Código IBAN ES08 2080 5403 4030 4011 8709). No concepto do ingreso poñer: OriBTT (máis o nome do deportista ou deportistas)

Enviar o xustificante do ingreso a: [ori@aromon.es](mailto:ori@aromon.es)

Os deportistas non dados de alta na intranet de fegado deberán previamente rexistrarse na mesma ou ben xestionar a súa inscrición a través dalgún club.

### PREZOS DAS INSCRICIÓNS:

- Federados : 4 €
- Iniciación Curta, sen licenza federativa : 6 €
- Iniciación Longa, sen licenza federativa : 8 €

### OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS:

- Está **prohibido** facer lume en toda a zona de competición.
- Está **prohibido** tirar desperdicios (envoltorios de xeles, barriñas, etc,...) en ningún lado da zona de competición, agás nos puntos habilitados nas zonas de saída, meta e secretaría.
- Os participantes teñen **prohibido** falar e gritar durante todo o desenvolvemento da proba.
- Está terminantemente **prohibido** circular por fora dos camiños ou por camiños que non estén representados no mapa. Así como por carreteras ou camiños que estén sinalizados no mapa como prohibidos. (Ver "O mapa O-BTT" - símbolos impresos)

### O INCUMPRIMENTO DESTAS NORMAS CONLEVA A DESCUALIFICACIÓN AUTOMÁTICA.

- E **obligatorio** descargar a tarxeta SportIdent ó remate da proba aínda que non se completara o percorrido. É a maneira de saber que ningún queda no monte.
- É recomendable levar un soporte para o mapa sobre o manillar da bicicleta.
- É recomendable levar un teléfono móbil por se sufriramos algún percance durante o percorrido. O teléfono para emerxencias é o de Javier Alvelo (630 437 762) . Si o grabades como AAAObmEmerxencias, atoparedelo de primeiro na lista de contactos.
- É recomendable levar outra muda e roupa de abrigo.
- A competición basease no respecto: Á natureza, aos cultivos e propiedades privadas, ós outros competidores e as indicacións do persoal da organización. É moi importante ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.



## ENTIDADES COLABORADORAS:



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



PANADERIA - PASTELERIA

ACUÑA



[www.concellopontevedra.es](http://www.concellopontevedra.es)

[www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org)

AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo

Praza Curros Enríquez s/n (Edificio Mercantil 2º andar) entrada por Rúa Don Gonzalo – 36002 – Pontevedra

Atención de oficina os mércores, xoves e venres de 21:00 a 22:00 h.

Correo- e.- [cmonte@gmail.com](mailto:cmonte@gmail.com)

[aromon@aromon.es](mailto:aromon@aromon.es)

web: <http://www.aromon.es>

C.I.F. G36149714

Teléfono Oficina.- 609 713 646